

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 3 DE AGOSTO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Decreto polo que se aproba a agrupación voluntaria entre os concellos de Baralla e das Nogais, da provincia de Lugo, para o sostemento en común do posto de traballo de Secretaría-Intervención, reservado a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se regula o Rexistro do Persoal Funcionario Público Habilitado e a asistencia para a identificación e a sinatura electrónicas no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, de subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 60 % do gasto elixible no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027, e polo que se anuncia a súa convocatoria con carácter plurianual (2026-2027), por un importe de nove millóns de euros (9.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) para o impulso do asociacionismo no sector turístico de Galicia, por importe total de douscentos setenta mil euros (270.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón do informe de balance da resolución da convocatoria de subvencións pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Ares para a execución dun aparcadoiro disuasorio na marxe dereita do P.Q. 1+640, estrada AC-123, por un importe de douscentos noventa e tres mil trescentos noventa e oito euros con trinta e un céntimos (293.398,31 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se toma razón da denominación do novo CEIP no Milladoiro-Ames.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se establecen as bases para a concesión das axudas económicas ás familias para a conciliación, en situacións puntuais e períodos de vacacións escolares, a través do programa Bono Concilia Familia para o ano 2026.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de interese autonómico (PIA) de ampliación das instalacións de Montajes Fivi, S.L., no concello de Teo (A Coruña), promovido por Montajes Fivi, S.L.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada Proxecto de valorización dos materiais naturais procedentes da escavación das obras do novo CHUAC, cun orzamento base de licitación de cincuenta e dous millóns cento oitenta e dous mil cento noventa e sete euros con setenta e oito céntimos (52.182.197,78 €), IVE incluído, e un valor estimado de corenta e tres millóns cento vinte e cinco mil setecentos oitenta e tres euros con vinte e nove céntimos (43.125.783,29 €), IVE excluído.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A. á licitación das obras de construción dun edificio de 79 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e local comercial na parcela 1 (S-15), na rúa Agriños, concello de Ames (A Coruña), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de catorce millóns setecentos cincuenta e seis mil oitenta e oito euros con cincuenta e tres céntimos (14.756.088,53 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de atención, baseado en Help-Desk, a usuarios de sistemas de información dos hospitais do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de dous millóns setecentos sesenta e dous mil catrocentos trinta e nove euros con sesenta e oito céntimos (2.762.439,68 €) con IVE e un valor estimado de once millóns oitocentos setenta e un mil seiscientos corenta e un euros, con sesenta céntimos (11.871.641,60 €) sen IVE.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Viveiro para obras de conservación e mantemento do teatro Pastor Díaz, por importe de douscentos mil euros (200.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello do Pino para a construción dun local cultural e social en San Mamede de Ferreirós, por importe de douscentos corenta e nove mil novecentos oitenta e cinco euros con corenta e tres céntimos (249.985,43 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Rábade para o equipamento do Cine Man, por importe de cento vinte mil euros (120.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación SER para a elaboración da documentación técnica necesaria para a redacción do Plan integral de conservación e rehabilitación das pallozas dos Ancares (OAH), por un importe total de cen mil euros (100.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello de Sanxenxo para a construción dun edificio multifuncional, por un importe de cinco millóns trescentos noventa e cinco mil setecentos setenta e tres euros con corenta e un céntimos (5.395.773,41) €.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames para a construción do mercado municipal de Bertamiráns, por un importe de tres millóns douscentos noventa e tres mil tres euros con noventa céntimos (3.293.003,90 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e o Concello de Ribadavia para a rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño, por un importe de seiscentos vinte mil cento cincuenta e nove euros con dez céntimos (620.159,10 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) á concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento para o exercicio 2026, por un importe total de cincocentos tres mil euros (503.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza o encargo á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsa) para a realización do acondicionamento e construción de infraestruturas no aeródromo de Antela, Sandiás, Ourense, no marco do proxecto 0585_ Cilumes_Interopera_6_ e cofinanciado nun 75 % polo programa operativo Interreg Poctep VI-A 2021-2027 de cooperación transfronteiriza entre España e Portugal, por un importe total de catro millóns vinte e cinco mil catrocentos catorce euros con noventa e nove céntimos (4.025.414,99 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a participación do grupo Acuibiomol na acción da investigación Optimización da indución da metamorfose en ameixas e ostras de interese marisqueiro Opimetacri CIMA 26/01 para o período 2026-2029 por un importe total de cincuenta e nove mil catrocentos corenta e tres euros (59.443,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a solicitude de convocatoria da Comisión Bilateral de Cooperación entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei Orgánica 3/2026, do 29 de xullo, de transferencia da titularidade e das competencias da Autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a publicación pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático dunha guía sobre a incorporación dos servizos ecosistémicos na avaliación de impacto ambiental.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o estado de situación do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia en Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto de trazado da nova vía de acceso ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) desde a N-525 (Ourense), de clave OU/23/188.01, cun presuposto base de licitación, IVE incluído, de catro millóns setenta e dous mil oitenta e un euros con dezaseis céntimos (4.072.081,16 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a convocatoria do procedemento de acceso á carreira profesional do Servizo Galego de Saúde (2026).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre as axudas convocadas pola Secretaría Xeral da Emigración destinadas ás persoas galegas residentes en Venezuela.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución de concesión das axudas para investimentos que fomenten a pesca sostible para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) para o ano 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre o proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2026 para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de axudas a proxectos que permitan paliar as perdas por mortalidade de moluscos tras a afectación polos episodios de choivas de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE BARALLA E DAS NOGAIS PARA COMPARTIR UNHA PRAZA DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

O Consello da Xunta deulle o visto e prace a este acordo que responde a criterios de economía e eficiencia administrativa

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se aproba a agrupación voluntaria entre os concellos de Baralla e das Nogais, na provincia de Lugo, para o sostemento en común dun posto de traballo de Secretaría-Intervención, reservado a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Os concellos de Baralla e das Nogais acordaron aprobar definitivamente esta agrupación por criterios de conveniencia económica e eficiencia administrativa, e evitar así a duplicidade de gastos.

A constitución desta agrupación voluntaria para o sostemento en común do posto de traballo reservado de Secretaría-Intervención débese ao descenso de recursos económicos e de volume de servizos en ambas as entidades locais, ocasionado, en gran medida, pola redución paulatina da poboación nos dous municipios, o que supón unha diminución da principal fonte de ingresos ordinarios —a participación nos tributos do Estado— e da recadación doutros ingresos como impostos, taxas e prezos públicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA GARANTE O ACCESO UNIVERSAL Á ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA COA CREACIÓN DA FIGURA DO PERSOAL FUNCIONARIO HABILITADO

- O persoal da Xunta de atención presencial formará parte dun rexistro que o habilita para facer xestións e asinar documentos no nome das persoas que non dispoñen de habilidades ou medios dixitais
- O resto das Administracións públicas galegas poderán asinar convenios coa Xunta para que o seu persoal tamén poida formar parte do rexistro
- A Xunta tamén dispón dun rexistro de empoderamentos polo que calquera persoa pode delegar noutra para facer xestións administrativas

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto que regula o Rexistro do Persoal Funcionario Público Habilitado e a asistencia para a identificación e a sinatura electrónica, destinado a proporcionar toda a axuda necesaria no uso da Administración dixital ás persoas que non dispoñen da capacitación ou dos medios para facelo. Esta iniciativa garante o uso universal da Administración electrónica e está dirixida principalmente ás persoas maiores sen habilidades dixitais.

Esta norma estaba prevista na lexislación estatal e autonómica de Administración dixital e afecta ao persoal funcionario en activo que atende de xeito presencial á cidadanía nas oficinas da Xunta, así como ao que se encarga de expedir copias auténticas ou o que precisa de identificación e sinatura electrónica en procedementos determinados. Este persoal funcionario axudará ás persoas físicas que non dispoñan dos medios ou dos coñecementos necesarios para relacionarse dixitalmente coa Administración. Así, bastará con que a persoa solicite esta asistencia nas oficinas de atención á cidadanía e rexistro ou, no seu caso, na dependencia do órgano tramitador, se identifique e dea o seu consentimento expreso para cada actuación a través dun formulario.

O persoal empregado público habilitado poderá empregar a identificación e a sinatura electrónica, pero non accederá ao contido da documentación presentada nin comprobará a súa veracidade ou o cumprimento dos requisitos da tramitación.

O Decreto tamén prevé que outras administracións públicas galegas, como concellos ou deputacións, poidan adherirse voluntariamente ao rexistro mediante convenios.

O novo texto entrará en vigor aos vinte días naturais tras a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e o rexistro estará operativo tres meses despois desa data.

O Rexistro do Persoal Funcionario Habilitado complementa outras medidas da Xunta para garantir o acceso universal á Administración dixital, como o Rexistro Electrónico

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xeral de Empoderamentos, que permite que calquera persoa poida delegar noutra as súas tramitacións.

A Xunta tamén traballa no desenvolvemento de asistentes conversacionais con intelixencia artificial, como a Plataforma Conversa, na que está prevista a realización de catro proxectos piloto para analizar e sacar o máximo rendemento a esta canle de atención á cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA CON 9 M€ A MODERNIZACIÓN SOSTIBLE DAS EMPRESAS TURÍSTICAS GALEGAS

- A convocatoria permitirá financiar proxectos integrais de eficiencia enerxética e a incorporación de enerxías renovables en establecementos de aloxamento e restauración
- As axudas poderán cubrir ata un máximo do 90 % do investimento subvencionable, en función do aforro enerxético conseguido
- O obxectivo é reducir a pegada de carbono do sector turístico e avanzar cara a un modelo máis competitivo, eficiente e sostible

O Consello da Xunta tomou razón da nova convocatoria de axudas destinada a impulsar a transición enerxética do sector turístico galego, cun orzamento total de 9 millóns de euros para os exercicios 2026 e 2027. Esta liña de apoios ten como finalidade facilitar que as pequenas e medianas empresas turísticas adapten os seus establecementos aos novos estándares de eficiencia enerxética e economía circular, reducindo o consumo de enerxía de orixe non renovable, diminuíndo a súa pegada de carbono e mellorando a súa competitividade.

As subvencións están dirixidas ás pemes titulares de establecementos turísticos de aloxamento –hoteis, apartamentos turísticos, vivendas turísticas, albergues e establecementos de turismo rural– e tamén ás empresas de restauración, incluídos restaurantes, cafeterías e bares, inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia.

A intensidade da axuda concedida estará vinculada ao nivel de aforro enerxético alcanzado polo proxecto. Así, as actuacións que acaden unha redución mínima do 30 % no consumo de enerxía primaria de orixe non renovable poderán recibir unha subvención do 50 % do investimento subvencionable; esta porcentaxe elevarase ata o 70 % se o aforro chega ao 40 % e poderá alcanzar o 90 % cando a mellora enerxética supere o 50 %.

Os proxectos deberán ter un carácter integral e combinar actuacións de eficiencia enerxética con investimentos en enerxías renovables. Entre as actuacións subvencionables inclúense a mellora da envolvente dos edificios, a renovación da iluminación por sistemas máis eficientes, así como a implantación de instalacións de enerxía solar térmica, xeotermia, biomasa, aerotermia ou hidrotermia e sistemas fotovoltaicos para autoconsumo, con ou sen almacenamento.

Ademais dos investimentos en obras e equipamentos, tamén serán subvencionables os gastos asociados á redacción dos proxectos técnicos, auditorías enerxéticas, certificados de eficiencia enerxética e dirección facultativa, así como unha porcentaxe dos custos indirectos vinculados á execución das actuacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As actuacións financiadas deberán supoñer, en todo caso, unha mellora mínima do 30 % da eficiencia enerxética do edificio respecto da situación anterior ao investimento.

Estas axudas están cofinanciadas con cargo ao Programa Galicia Feder 2021-2027 no 60 % e aos orzamentos da comunidade autónoma no restante 40 % para 2026 e 2027, e réxense polo regulamento europeo *de minimis*. Serán incompatibles con outras subvencións destinadas á mesma finalidade, aínda que si poderán compatibilizarse coa obtención de certificados de aforro enerxético derivados das actuacións executadas.

A convocatoria dálle continuidade á liña de apoio á eficiencia enerxética impulsada pola Xunta desde 2022 para favorecer a modernización sostible do tecido turístico galego. Desde ese ano, o Goberno galego destinou a estas axudas máis de 14,6 M€, dos que se beneficiaron 200 empresas turísticas galegas ata 2025. Co investimento previsto este 2026 (9 M€), o importe total ascende a 23,6 M€.

Con esta nova convocatoria, a Xunta reforza o seu compromiso cun modelo turístico máis competitivo, innovador e respectuoso co medio ambiente, promovendo investimentos que reduzan o consumo enerxético, impulsen o uso de enerxías renovables e contribúan á descarbonización do sector.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A PROFESIONALIZACIÓN E A COOPERACIÓN DO SECTOR TURÍSTICO CUN NOVO CONVENIO CO CLÚSTER DE TURISMO DE GALICIA

O conxunto de accións que se desenvolverán ao abeiro do acordo suporán un investimento total de 270.000 euros, dos que a Xunta achegará máis do 90 %

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Goberno galego e o Clúster de Turismo de Galicia, co obxectivo de impulsar actuacións que contribúan a fortalecer a coordinación, a competitividade e a representación do sector turístico galego.

O acordo aprobado inclúe accións de comunicación e sensibilización sobre a importancia do turismo como sector estratéxico para a economía galega, así como o desenvolvemento de iniciativas de colaboración coa Administración autonómica para impulsar proxectos de interese común.

Ademais, a Xunta de Galicia contribuirá ao financiamento das actividades ordinarias do Clúster de Turismo de Galicia e á consolidación dunha entidade que agrupa os principais axentes da cadea de valor turística e que actúa como interlocutora do sector. Do mesmo xeito, promoverá a realización de xuntanzas multisectoriais e grupos de traballo que favorezan a colaboración entre os distintos ámbitos da actividade turística.

O convenio, que terá vixencia ata o 31 de decembro de 2028, contará cun orzamento total estimado de 270.000 euros, dos que a Xunta achegará máis do 90 %.

A colaboración entre a Xunta de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia mantense de maneira continuada desde 2014, cando ambas as dúas entidades subscribiron o primeiro convenio para impulsar o asociacionismo no sector turístico galego.

Desde entón, esta liña de cooperación renovouse a través de distintos acordos anuais e plurianuais, consolidando un modelo de colaboración público-privada orientado a reforzar a profesionalización do sector, favorecer a cooperación entre os seus integrantes e impulsar actuacións conxuntas para mellorar a competitividade do turismo galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DUN CENTO DE PROXECTOS RECIBIRÁN AXUDAS DA ORDE DE INFRAESTRUTURAS DE USO PÚBLICO IMPULSADA POLA XUNTA

- O Consello da Xunta informou hoxe da resolución desta convocatoria, dotada con 3,5 M€ para fomentar a creación e a mellora de instalacións e equipamentos vinculados á prestación dos servizos municipais
- A través destas subvencións levaranse a cabo melloras de accesibilidade e outras actuacións en edificios ou dependencias de titularidade municipal, a pavimentación de camiños, así como actuacións en prazas, parques, paseos, rúas ou redes de iluminación pública

O Consello da Xunta informou hoxe sobre os proxectos presentados polos concellos galegos que resultaron beneficiarios das axudas da Orde de infraestruturas de uso público. Segundo o documento, 106 actuacións recibirán subvencións ao abeiro desta liña de apoio dotada con 3,5 millóns de euros e destinada á creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación dos servizos municipais.

A meirande parte das entidades beneficiarias sitúanse na provincia de Ourense, con 34, seguidas das 32 da Coruña, das 22 de Lugo e, por último, das 18 de Pontevedra. Na súa maioría son actuacións presentadas de maneira individual, agás 13 impulsadas por agrupacións ou asociacións de concellos, así como os dous municipios resultantes de fusións: Oza Cesuras e Cerdedo Cotobade.

A través desta iniciativa dirixida a concellos de menos de 30.000 habitantes, a Xunta cofinancia actuacións en camiños, prazas, paseos e rúas, instalacións deportivas e outros edificios destinados á prestación de servizos municipais ou redes de iluminación pública. A axuda máxima pode cubrir ata o 70 % do orzamento total da actuación.

A meirande parte das propostas beneficiarias están relacionadas coa mellora de camiños, prazas, parques, paseos e rúas. Así, unha de cada tres subvencións concedidas foron para traballos deste tipo, impulsados por 33 entidades e por importe de máis de 1,1 millón de euros. En instalacións deportivas contabilizáronse outras 31 iniciativas por unha suma de máis dun millón de euros.

Para intervencións noutros edificios, instalacións e dependencias municipais tamén se concederon 20 subvencións, que sumaron máis de 600.000 euros. Cofinanciáronse, ademais, outros 12 proxectos destinados á mellora da accesibilidade de edificios municipais con máis de 400.000 euros. Os dez proxectos restantes combinaron distintas tipoloxías e melloras na rede de iluminación pública ou parques infantís para ofrecerlles ás familias e á rapazada espazos de lecer, e representaron unha contía de máis de 326.043 euros.

As entidades locais contan deste xeito un ano máis co apoio da Xunta mediante esta liña de axudas que ten como obxectivo garantir o equilibrio no territorio galego entre o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

medio rural e o urbano, o interior e a costa, a prol do desenvolvemento económico do territorio e que a poboación galega teña unhas óptimas condicións de vida con independencia do seu lugar de residencia.

Esta convocatoria enmárcase no compromiso da Xunta co municipalismo, que en 2026 acada unha cifra histórica de 670 millóns de euros destinados aos concellos a través das distintas consellerías, 30 millóns máis que no exercicio anterior.

No ámbito da Dirección Xeral de Administración Local, este esforzo tradúcese nun amplo catálogo de axudas, entre as que destacan os 10 millóns de euros para proxectos municipais de carácter estratéxico, os 7,9 millóns do Fondo de Compensación Ambiental ou os tres millóns do Plan de acción comunitaria, así como a nova liña para a adquisición de maquinaria destinada á prevención de incendios forestais, dotada cun millón de euros, e o apoio para a contratación de auxiliares de Policía local durante o verán nos concellos máis turísticos.

O obxectivo da Xunta é seguir reforzando a colaboración coas entidades locais e garantir que todos os concellos galegos, con independencia do seu tamaño, contan con mellores infraestruturas e servizos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE ARES PARA A EXECUCIÓN DUN APARCADOIRO DISUASORIO

- A achega autonómica superará os 220.000 euros, o que representa o 75 % do custo total, para habilitar 216 prazas de estacionamento
- A medida enmárcase na Estratexia galega de mobilidade, que inclúe entre os obxectivos o fomento de desprazamentos non motorizados e do uso do transporte público

O Consello da Xunta deulle o visto e praxe á sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Ares para a execución dun aparcadoiro disuasorio á altura da marxe dereita do punto quilométrico 1+640 da estrada AC-123. O Goberno galego destinará máis de 220.000 euros á obra, coa previsión de dotar este espazo de 216 prazas de estacionamento.

A achega autonómica realizarase en dúas anualidades, con 150.000 euros este exercicio e pouco máis de 70.000 en 2027. O orzamento global ascende a preto de 293.000 euros, de xeito que o Goberno galego asume o 75 % da contía e o Concello o 25 % restante.

As actuacións previstas inclúen a aplicación de pavimento granular nas zonas de aparcadoiro e a xeración de zonas verdes, carrís de circulación en pavimento de formigón e bordo prefabricado na delimitación das prazas de estacionamento coas áreas verdes. Instalarase tamén canalización subterránea e iluminación, un hidrante de columna na parcela e a sinalización vertical e horizontal que corresponda.

A iniciativa enmárcase na Estratexia galega de mobilidade impulsada pola Xunta, que ten entre os seus obxectivos o fomento dos desprazamentos non motorizados nos ámbitos metropolitanos con medidas como os aparcadoiros disuasorios, as estacións intermodais ou as sendas peonís e ciclistas.

Neste caso búscase tamén favorecer unha mellora da ordenación do espazo público do termo municipal de Ares, que facilitará o transvase entre o vehículo privado e o transporte público, o que mellorará a calidade de vida da cidadanía e contribuirá á implantación dunha cultura da mobilidade sostible.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O NOVO COLEXIO DO MILLADOIRO LEVARÁ O NOME DE GERARDO FERNÁNDEZ ALBOR, PRIMEIRO PRESIDENTE DA XUNTA

- O Consello aproba a denominación do centro, actualmente en obras e que se prevé abrir para o curso 2027/28
- Trátase do primeiro deseñado de xeito íntegro con base no Plan de nova arquitectura pedagóxica e conta cun investimento de máis de 11,6 M€ da Xunta

O novo colexio do Milladoiro levará o nome de Gerardo Fernández Albor. Así o aprobou hoxe o Consello, nun recoñecemento ao que foi o primeiro presidente electo da Xunta de Galicia e figura fundamental para a consolidación da autonomía. Baixo o seu mandato, puxéronse en marcha as primeiras políticas públicas propias, incluída a organización inicial do sistema educativo autonómico. Albor tivo, así mesmo, unha casa no Milladoiro, preto de onde se sitúa o novo colexio. A previsión é que o centro, que actualmente está en obras, poida abrir as súas portas no curso 2027/28.

A decisión de darlle o nome do falecido presidente ao colexio súmase ás diferentes homenaxes que se lle renderon a Fernández Albor, tanto ao longo da súa vida como tras o seu pasamento, no ámbito público e privado. De feito, este mesmo ano, o Goberno de España entregoulles aos seus familiares a Gran Cruz da Real e Distinguida Orde Española de Carlos III, concedida a título póstumo no Consello de Ministros o pasado 23 de decembro de 2025.

Deseño á vangarda

A Xunta está a investir máis de 11,6 M€ na construción deste colexio, situado no concello de Ames, un dos de maior dinamismo demográfico de Galicia. Trátase do primeiro centro deseñado de xeito íntegro con base no Plan de nova arquitectura pedagóxica, un novo modelo de centros á vangarda, máis amplos, versátiles e respectuosos co medio ambiente para atender de xeito máis eficaz as necesidades do ensino do século XXI.

En consonancia co Plan, o colexio contará con espazos polivalentes e flexibles, cunha arquitectura de volumes baixos e adaptados á paisaxe, con boa iluminación natural e en contacto visual cos espazos exteriores de patio e xardín, especialmente os espazos de uso colectivo. Ademais, estará dotado dun foro multifuncional que servirá como lugar de aprendizaxe aberto e que se situará no espazo central do primeiro andar, creando unha relación entre as diferentes estancias e conectándose co patio mediante unha gran fiestra protexida da incidencia do sol.

A superficie construída será de 4.886 m² separada en dous andares, con seis aulas de infantil e 12 de primaria, cos aseos correspondentes, así como outras catro de apoio e desdoblamento de grupos, aula de música e sala de usos múltiples, ademais dun polo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

creativo. Así mesmo, terá biblioteca, ximnasio con vestiarios, área de administración (despachos, conserxería, local para a anpa etc.), comedor e zonas de servizos comúns.

Os 1.974 m² de espazos exteriores distribúense entre zona cuberta e descuberta para as aulas de infantil e pista polideportiva cuberta e descuberta.

A accesibilidade será universal e inclusiva, evitando calquera tipo de barreira, con accesos directos tanto desde o interior como desde o exterior do edificio a boa parte das estancias e itinerarios de circulación intuitivos e libres de obstáculos. Ademais de sinais de gran tamaño e cor facilmente visible, tanto no exterior do edificio como nos espazos interiores haberá superficies podotáctiles que guíen ao acceso, vestíbulo e outros puntos de importancia do edificio. Os diferentes espazos exteriores serán tamén accesibles a todos mediante ramplas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 2,6 M€ A UNHA NOVA EDICIÓN DO BONO CONCILIA FAMILIA

- O Goberno galego publicará as bases da convocatoria no mes de setembro e haberá un mes de prazo para presentar a documentación
- A achega está destinada ás unidades familiares con fillos de entre 3 e 13 anos nas que traballen ambos os proxenitores ou un no caso das monoparentais
- As contías serán de 500 € nos casos de contratación do servizo a domicilio e 200 € por neno cando se acuda a un servizo especializado como unha actividade de conciliación ou un campamento

O Consello de hoxe tomou razón dun acordo para convocar unha nova edición do programa de axudas do Bono Concilia Familia, ao que a Xunta destina máis de 2,6 millóns de euros. O obxectivo é axudar a sufragar os custos adicionais que afrontan as familias na atención dos seus fillos e fillas durante os períodos non lectivos.

O Goberno galego publicará no mes de setembro as bases que rexen esta convocatoria de axudas e as familias terán un mes para presentar a documentación acreditativa. Deste xeito, poderán beneficiarse deste programa as unidades familiares con fillos de entre 3 e 13 anos nas que ambos os proxenitores traballen ou ben un no caso das monoparentais.

Así, a través do Bono Concilia Familia, a Xunta concederá ata 500 euros para aquelas unidades familiares que teñan que contratar servizos de atención a domicilio e ata 200 euros por neno nos casos en que asistan a recursos de conciliación ou campamentos, excluídos os financiados por administracións públicas.

Esta achega consolida o compromiso do Goberno galego con todas as familias galegas e cunha Galicia comprometida coa conciliación e o benestar, grazas á posta en marcha de medidas pioneiras como a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos ou as casas niño pensadas para o rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PRIMEIRO PROXECTO INDUSTRIAL DE INTERESE AUTONÓMICO QUE PERMITIRÁ DUPLICAR A CAPACIDADE PRODUTIVA DA EMPRESA MONTAJES FIVI EN TEO

- A iniciativa conta cun orzamento de 2,5 millóns de euros e impulsará a creación de preto dun centenar de postos de traballo entre directos e indirectos
- As obras comezarán no prazo máximo de seis meses e estenderanse ao longo de dous anos nos que a empresa incrementará en algo máis dun 70 % o espazo que ocupa no lugar da Igrexa

O Consello da Xunta acordou na súa reunión desta mañá a aprobación definitiva como proxecto de interese autonómico (PIA) da ampliación das instalacións da empresa Montajes Fivi, S.L., o que permitirá duplicar a capacidade produtiva desta firma situada na localidade coruñesa de Teo e dedicada ao deseño, fabricación e comercialización de condutos de ventilación a partir de bobinas de aceiro galvanizado para o sector naval, industrial e comercial. Esta é a primeira iniciativa de carácter industrial que remata a súa tramitación como PIA e que permite ordenar e planificar, desde o punto de vista urbanístico e territorial, o crecemento desta empresa.

O proxecto de ampliación de Montajes Fivi, S.L. permitirá incrementar en máis dun 70 % o espazo desta firma asentada no lugar da Igrexa, mediante a delimitación dun ámbito de solo urbanizable de uso industrial de 15.814,35 m² e unha edificabilidade máxima da parcela resultante de 10.800 m².

Actualmente, a empresa dispón dunha nave industrial nunha parcela de 6.445 m², polo que, logo da ampliación, poderá incrementar a súa capacidade produtiva ata duplicar a actual, avanzar na tecnificación dos procesos e contribuír á xeración de emprego na contorna. En total, a empresa prevé investir 2,5 millóns de euros e crear preto de 100 postos de traballo entre directos e indirectos.

Unha vez que se aprobe de xeito definitivo, o prazo para o inicio das obras é como máximo de 6 meses, mentres que se estima que a duración da execución dos traballos será de dous anos, a cal se realizará en dúas fases.

Desde que se aprobou a norma que regula os proxectos de interese autonómico no ano 2021, foron declarados polo Consello da Xunta de Galicia cinco PIA cuxo obxecto eran actuacións de carácter industrial, incluído o aprobado hoxe de xeito definitivo: a ampliación das instalacións de Aguas do Paraño, en Boborás (Ourense); o campus de I+D do Grupo Santos, en Boqueixón (A Coruña); a ampliación das instalacións de Prefabricados Santa Comba no concello de Santa Comba (A Coruña) e a mellora e ampliación do proceso produtivo e loxístico do centro de procesado avícola de Coren en Santa Cruz de Arrabaldo (Ourense).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA FASE 2.1 DO NOVO CHUAC, QUE ABRANGUE A ESCAVACIÓN, O MOVEMENTO DE TERRAS E A VALORIZACIÓN DE MATERIAIS, POR PRETO DE 52,2 M€

- O Consello da Xunta dálle luz verde ao proxecto de valorización de materiais naturais procedentes da escavación das obras do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña
- Esta actuación supón a escavación de aproximadamente 800.000 metros cúbicos de materiais, o que viría equipar unha superficie de 20 campos de fútbol
- Inclúese a demolición de 17 vivendas na zona de Curramontes e construcións auxiliares, a práctica totalidade dos movementos de terras e a execución dos sistemas de estabilización e drenaxe para os terreos da ampliación hospitalaria
- Os materiais naturais procedentes das escavacións serán reutilizados e valorizados, favorecendo a economía circular, reducindo a xeración de residuos e minimizando o impacto ambiental das obras
- A previsión do Goberno galego é adxudicar o contrato a finais deste mesmo ano para continuar impulsando unha das maiores actuacións sanitarias e de infraestrutura pública de Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do contrato para executar as obras da fase 2.1 do Novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (Novo CHUAC), que abrangue a escavación, o movemento de terras e a valorización de materiais, por preto de 52,2 M€.

Esta actuación constitúe unha fase esencial dentro do proceso de desenvolvemento do Novo CHUAC, xa que permitirá preparar os terreos sobre os que se executará a futura ampliación hospitalaria mediante a realización das principais actuacións necesarias para facer posible o inicio das obras de edificación.

Divídese así esta segunda fase en dúas partes, o que permitirá que a obra do novo edificio asistencial se axuste ás necesidades asistenciais e orzamentarias na data da licitación, evitando sobrecustos que poidan comprometer os futuros prazos de execución.

O contrato, que se licitará este mesmo mes, comprende as actuacións previas necesarias para a execución posterior do novo edificio asistencial, nas que se inclúen tanto as demolicións das edificacións existentes como a execución da práctica totalidade dos movementos de terras previstos no ámbito da actuación, así como a xestión e valorización dos materiais naturais obtidos durante as escavacións, de acordo coa normativa estatal que regula a súa reutilización.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta actuación supón a escavación de aproximadamente 800.000 metros cúbicos de materiais, o que viría equipar unha superficie de 20 campos de fútbol.

Demolicións e movementos de terras

Entre os traballos previstos neste novo contrato, figura a demolición de 17 vivendas unifamiliares situadas na contorna de Curramontes, así como das construcións auxiliares existentes nas parcelas, destinadas a garaxes, almacéns ou outros usos complementarios.

Tamén se inclúe a demolición dos peches das parcelas da rúa Curramontes, da rúa Castaño de Eirís e dos dous aparcadoiros provisionais existentes dentro do ámbito de actuación, ademais da retirada das redes de servizos que quedarán fóra de funcionamento antes do inicio das obras.

Estas actuacións permitirán liberar completamente o espazo destinado á futura ampliación do complexo hospitalario.

O contrato que se vai licitar prevé, igualmente, a execución da práctica totalidade das escavacións necesarias para a construción do Novo CHUAC, co que quedarán unicamente pendentes para unha fase posterior os traballos correspondentes á actual central de enerxías e á vía de circunvalación do hospital existente.

Así mesmo, inclúense todas as actuacións necesarias para garantir a estabilidade dos desmontes xerados durante as escavacións, mediante a execución de ancoraxes, pantallas de micropilotes e os correspondentes sistemas de drenaxe, co obxectivo de asegurar a estabilidade e a seguridade dos noiros durante o desenvolvemento das futuras obras.

Valorización e sostibilidade

Os materiais naturais procedentes das escavacións serán reutilizados en lugar de seren eliminados como residuos. Deste xeito, o material procedente das escavacións será xestionado conforme o establecido na Orde APM/1007/2017, do 10 de outubro, pola que se establecen as normas xerais para a valorización de materiais naturais escavados destinados á súa utilización en operacións de recheo e en obras distintas daquelas nas que foron xerados.

A valorización destes materiais preséntase como alternativa á súa eliminación, o que favorece a reutilización de recursos naturais e minimiza a xeración de residuos, en consonancia cos principios da economía circular e da xerarquía de xestión de residuos establecida na normativa vixente.

Os materiais obxecto deste contrato proceden exclusivamente da escavación de terreos naturais, sen que fosen sometidos a procesos industriais nin mesturados con outros residuos de construción e demolición. A actuación comprende todas as operacións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

necesarias para garantir a correcta xestión dos materiais desde a súa extracción ata a súa colocación, asegurando a súa rastrexabilidade, calidade e adecuación ao uso previsto.

Deste xeito, os materiais escavados serán trasladados, segundo as necesidades da obra e as indicacións da dirección facultativa, ao Porto Exterior da Coruña ou aos terreos expropiados pola Axencia Galega de Infraestruturas para a Vía Ártabra, sempre de acordo cos criterios de xestión e valorización establecidos. A súa localización permite minimizar as distancias de transporte e, polo tanto, reducir o impacto ambiental asociado ao movemento de materiais.

Pulo ao Novo CHUAC

Coa autorización desta licitación, o Goberno galego dá un novo paso na execución do Novo CHUAC, impulsando unha actuación imprescindible para preparar os terreos sobre os que se levantará a futura ampliación do complexo hospitalario coruñés.

A previsión da Xunta é adxudicar este contrato a finais de 2026 e darlles continuidade, deste xeito, ás actuacións previstas no desenvolvemento dunha das maiores actuacións sanitarias e de infraestruturas públicas que a Xunta está a executar actualmente en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITARÁ POR MÁIS DE 14,7 M€ AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE 79 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO CONCELLO DE AMES

- Estas novas vivendas construíranse na parcela 1 (S-15), na rúa Agriños, no Milladoiro, nunha parcela cedida polo Concello
- A Xunta está a desenvolver un total de 219 vivendas de promoción pública no municipio coruñés

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do contrato de execución das obras de construción de 79 vivendas de promoción pública (VPP), que se construírán na parcela 1 (S-15), na rúa Agriños, no Milladoiro, nunha parcela cedida polo Concello de Ames.

O importe de licitación do contrato superará os 14,7 millóns de euros (14.756.088,53 €).

A parcela onde se situarán as VPP ten unha superficie aproximada de 1.725,00 m².

A edificación proxectada terá unha superficie construída total de 9.223,80 m² sobre rasante e 3.111,61m² baixo rasante, cunha superficie total de 12.335,41 m².

En conxunto, o edificio previsto constará dunha planta de dous sotos destinados a garaxes, rochos e locais de instalacións, que ocupará toda a superficie da parcela; unha planta baixa dedicada a dous soportais de uso público, tres portais de acceso, locais de instalacións, reserva para o almacén de contedores do lixo, cuartos de limpeza, e comercial; e cinco plantas altas e ático para uso como vivenda.

Distribución e usos por plantas:

Plantas soto -2 e -1: destinadas a garaxes, rochos e locais de instalacións, que ocupa toda a superficie parcela.

Planta baixa: ocupada polos soportais de uso público, tres portais de acceso, locais de instalacións, reserva para o almacén de contedores do lixo, cuartos de limpeza, local para centro de transformación, aparcadoiro de bicicletas e local comercial.

Planta primeira, segunda, terceira, cuarta e quinta: destinadas a catorce vivendas por cada planta (sete vivendas de dous dormitorios, seis vivendas de tres dormitorios e unha vivenda de catro dormitorios en cada unha das plantas).

Planta ático: acollerá nove vivendas (catro vivendas de dous dormitorios, dúas vivendas de tres dormitorios e tres vivendas de catro dormitorios).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No detalle, o programa dos aloxamentos é o seguinte:

Número de vivendas por número de dormitorios								
Planta		1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	ático	Total
Dormitorios	1D							
	2D	7	7	7	7	7	4	
	3D	6	6	6	6	6	2	
	4D	1	1	1	1	1	3	
Total vivendas		14	14	14	14	14	9	79

En Ames, a Xunta está a desenvolver un total de 219 vivendas de promoción pública, incluídas estas, e todas elas en parcelas cedidas polo Administración local.

Ademais das vivendas cuxa licitación se autorizou hoxe, o Goberno galego ten licitado un concurso para a redacción do proxecto para a construción de 140 vivendas nas parcelas AR3, AR4, AR5, AR6 e AR8 do Plan parcial do sector S-16 en Galdrachán (5 edificios), no Milladoiro. O importe desta licitación achégase aos 1,4 millóns de euros (1.386.949,48 €). O xurado xa seleccionou as seis ofertas convidadas a participar na segunda fase do concurso.

O Goberno galego destaca a importancia da colaboración institucional leal e eficaz para dar resposta á demanda crecente de vivenda en concellos cunha poboación nova e en expansión como a deste municipio coruñés da área de Santiago de Compostela.

Ames forma parte dos outros 16 municipios de Galicia que xa lle cederon terreos de balde á Xunta para construír vivenda pública: Pontevedra, Lugo, Teo, Lalín, A Estrada, A Coruña, Vilagarcía, Carballo, Narón, San Cibrao das Viñas, Arteixo, Bueu, Sanxenxo, Baiona, O Porriño e Santiago de Compostela.

Infografías da nova edificación:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 2,76 M€ PARA CONTRATAR SERVIZOS DE ATENCIÓN A USUARIOS DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN DOS HOSPITAIS DO SERGAS

- Este servizo deberá resolver dun xeito continuado, rápido e eficiente as consultas, incidencias e avarías dos traballadores dos centros hospitalarios do Sergas
- O prazo máximo de duración do contrato, coas posibles prórrogas, será de 5 anos
- Entre os servizos que se prestarán están as consultas e solicitudes, as peticións de desenvolvemento dos programas informáticos, as incidencias ou os cambios nas aplicacións informáticas
- Incrementábase o número máximo de usuarios que se atenderán, que pasa de entre 4.500 e 7.000 usuarios por área sanitaria a entre 12.500 e 15.000 usuarios
- Tamén se reforzan os requisitos de seguridade mediante a existencia expresa de certificacións ISO 9001, ISO 27001 e o Esquema Nacional de Seguridade
- Ademais, introdúcense novos mecanismos de seguimento e control

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión de hoxe, destinar 2.762.439 euros á contratación do servizo de atención a usuarios dos sistemas e tecnoloxías da información dos hospitais do Servizo Galego de Saúde, co fin de resolver dun xeito continuado, rápido e eficiente as consultas, incidencias e avarías que poidan producirse no labor habitual dos traballadores dos centros hospitalarios.

As unidades de tecnoloxías da información dos distintos centros sanitarios teñen entre as súas misións a de garantir a correcta atención aos usuarios das infraestruturas informáticas básicas e dos sistemas de información corporativos. Esta correcta atención é un dos piares de calquera plan de sostemento de actividade dixital, sendo o único modo de garantir a confianza dos usuarios ante as dúbidas e posibles erros que xurdan no seu traballo cotián cos sistemas antes citados.

Nestes intres, a dixitalización da actividade asistencial en toda a rede hospitalaria do Servizo Galego de Saúde é unha realidade sen volta atrás, polo que se debe garantir a calidade do servizo de atención ao elevado número de profesionais que na actualidade fan uso dos sistemas de información dentro dos centros hospitalarios de cada unha das áreas sanitarias.

O período de vixencia inicial do contrato é de 12 meses. O prazo máximo de duración, coas posibles prórrogas, será de 5 anos, o que supón que o seu estimado se eleva, neste caso, ata os 11.871.641 euros.

Entre os servizos que se prestarán a través deste contrato están as consultas e solicitudes, as peticións de desenvolvemento dos programas informáticos, as incidencias, os cambios nas aplicacións, as tarefas relacionadas coa instalación, configuración e xestión do elementos de hardware e software, as accións preventivas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que se realizan de xeito programado e, ademais, os labores relacionados coa implantación de novas aplicacións.

Novidades

Entre as principais novidades cuantitativas do contrato destaca o incremento do número máximo de usuarios que se atenderán, que pasa de valores comprendidos entre 4.500 e 7.000 usuarios por área sanitaria, a valores de entre 12.500 e 15.000 usuarios, así como a ampliación do catálogo de aplicacións obxecto de soporte, que pasa dun máximo de 150 a 200 sistemas.

Desde o punto de vista técnico refórzanse os requisitos de seguridade mediante a existencia expresa de certificacións ISO 9001, ISO 27001 e o Esquema Nacional de Seguridade.

Ademais, introdúcense novos mecanismos de seguimento e control, con obrigas específicas de elaboración de informes, integración co sistema corporativo de xestión da calidade e novas penalizacións asociadas ao incumprimento destes requisitos e un maior control organizativo e operativo da prestación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 200.000 € PARA LEVAR A CABO TRABALLOS DE CONSERVACIÓN NO TEATRO PASTOR DÍAZ DE VIVEIRO

- O Consello dálle luz verde ao convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Goberno local para intervir nun referente cultural para a localidade
- A actuación vai na liña do compromiso do Goberno galego con equipar os municipios das mellores infraestruturas culturais para ofrecer un servizo de calidade
- As obras de mantemento inclúen accións na cuberta e nas fachadas para solucionar as filtracións de auga, así como a renovación de sistemas

A Xunta de Galicia destinará 200.000 € a levar a cabo obras de conservación e mantemento no Teatro Pastor Díaz, un dos referentes culturais, patrimoniais e arquitectónicos do concello lucense de Viveiro. Así se informou hoxe no Consello da Xunta, onde se lle deu luz verde á sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Goberno local para a mellora deste inmovible afectado por unha deterioración progresiva co paso do tempo.

Neste senso, a actuación está dirixida a realizar unha serie de traballos puntuais para preservar a funcionalidade e integridade arquitectónica do espazo, garantindo as condicións de seguridade, salubridade, habitabilidade e conservación, sen alterar os seus valores formais nin culturais. Concretamente, centraranse en solucionar as filtracións na cuberta e nas fachadas, anulando as humidades por capilaridade, no saneamento dos sistemas de seguridade e na modernización da iluminación do patio de butacas.

Para o desenvolvemento da intervención neste 2026 están asignados 38.119 € para cubrir as actuacións preliminares, medios auxiliares, plans de seguridade e as obras urxentes de estanquidade exterior en cubertas e encontros coas fachadas, co fin de protexer o edificio. Mentres, para o 2027 a partida é de 161.881 €, correspondente ao groso da execución material que inclúe o acondicionamento de fachadas, extradosados interiores, renovación dos sistemas de iluminación escénica e electricidade, substitución e mantemento de portas de emerxencia e a restauración especializada dos lenzos artísticos da sala.

O Goberno galego responde así ao seu compromiso de achegar a cultura a todo o territorio nas mellores condicións, facilitando o acceso da sociedade a un servizo de calidade ao poñer á súa disposición os equipamentos máis axeitados nos distintos municipios, en liña cos obxectivos da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

Un espazo con historia

A historia do Teatro Pastor Díaz remóntase á primeira metade do século XX, cando comezou a acoller unha ampla variedade de usos culturais e sociais, representacións teatrais, proxeccións de cine mudo ou concertos, converténdose nun elemento vertebrador da vida cultural e lúdica de Viveiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O edificio posúe unha estrutura en planta trapezoidal e destaca pola súa boa acústica, pola integración co tecido urbano histórico e pola calidade formal e decorativa dos seus espazos interiores. Cómpre destacar as pinturas no teito e no friso superior do escenario, onde se representan as figuras de Rosalía de Castro e Nicomedes Pastor Díaz en homenaxe á literatura galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 150.000 € PARA DOTAR O CONCELLO DO PINO DUN CENTRO SOCIOCULTURAL

- O Consello dálle luz verde á sinatura do convenio co Goberno local polo que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude achega preto do 60 % do importe para a construción dun local en San Mamede de Ferreiros
- A iniciativa busca garantir a igualdade de acceso a programacións culturais e fomentar a participación de colectivos vulnerables na liña da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia
- O proxecto combina un espazo interior polivalente cun soportal cuberto que amplía as posibilidades de uso do edificio e reforza a súa relación coa contorna

A Xunta de Galicia destinará 150.000 € á construción dun centro sociocultural en San Mamede de Ferreiros no concello do Pino ao abeiro dun convenio de colaboración co Goberno local polo que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude achegará preto do 60 % do importe total. Así se deu conta hoxe no Consello da Xunta, onde se autorizou o convenio por valor de 249.000 € dirixido a edificar un equipamento para actividades culturais, sociais, formativas e comunitarias.

Deste xeito, o Executivo autonómico dá resposta ás necesidades de todos os galegos e galegas garantindo o seu acceso á cultura con independencia de cales sexan as súas condicións sociais, demográficas ou económicas, en liña cos obxectivos da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia. Neste caso concreto, o obxectivo é mitigar a dispersión xeográfica, frear o despoboamento xuvenil e dar cabida ao crecente tecido asociativo do municipio.

Ademais, dada a condición do municipio como paso clave do Camiño Francés, responde tamén á necesidade estrutural de crear puntos de interpretación e difusión cultural onde convivan o patrimonio local do Pino co fluxo de peregrinos. Con este fin, o proxecto combina un espazo interior polivalente cun soportal cuberto que amplía as posibilidades de uso do edificio e reforza a súa relación coa contorna. Así mesmo, a intervención intégrase nun ámbito tradicionalmente vinculado á realización de actividades veciñais e comunitarias, contribuíndo á mellora da funcionalidade deste espazo público.

Con esta nova actuación, o Goberno galego responde ao seu compromiso de achegar a cultura a todo o territorio nas mellores condicións, facilitando o acceso da sociedade ao coñecemento ao poñer á súa disposición equipamentos nos que se poida ofrecer un servizo de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE RÁBADE CON 120.000 € PARA EQUIPAR O ANTIGO CINE MAN COMO CENTRO CULTURAL

- O Consello autoriza o convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Goberno local para culminar este proxecto e poñer o espazo en funcionamento
- Trátase de dotar este inmovible emblemático da localidade lucense cos elementos necesarios para convertelo nun equipamento de dinamización social de referencia
- A partida destínase, en dúas anualidades, á instalación de cadeiras, pantallas e demais material audiovisual, entre outros elementos
- Con esta intervención, o Goberno galego impulsa equipamentos de calidade en todo o territorio para a dinamización social e cultural da veciñanza

A Xunta de Galicia colabora co concello lucense de Rábade con 120.000 € para dotar o antigo Cine Man co equipamento necesario para a súa posta en marcha como centro permanente de usos culturais. Así se desprende do convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Goberno local que permitirá culminar este proxecto municipal dirixido a converter o emblemático inmovible nun referente de dinamización social.

A actuación céntrase así no acondicionamento interior dun dos edificios con máis carga histórica e sentimental desta localidade, inaugurado no ano 1945, e que, tras ser obxecto dunha rehabilitación, pasará a ser unha infraestrutura de referencia na comarca. Nesta liña, o obxectivo é albergar unha programación de calidade con actividades promovidas polas distintas administracións públicas, asociacións culturais, centros educativos e entidades sen ánimo de lucro.

Deste xeito, o equipamento previsto grazas a este acordo é imprescindible para a entrada en funcionamento dun centro sociocultural destinado á exhibición cinematográfica, ás artes escénicas, á organización de conferencias e exposicións ou de actividades educativas sociais. Para 2026 están asignados 89.384€ dirixidos á colocación de mobiliario na planta baixa, con cadeiras, bancos e atrís, así como equipos audiovisuais como son un proxector, unha pantalla e un sistema de son profesional. Isto complétase con instalacións de seguridade, como é unha varanda de vidro na bancada ou diversos accesorios no escenario. Mentres, co importe reservado en 2027 completárase a instalación de butacas na planta alta e outros elementos.

En liña coa Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, o Goberno autonómico dálle pulo á posta en marcha e acondicionamento de infraestruturas como estas que lle ofrezan o mellor servizo á cidadanía en toda a Comunidade.

Punto de encontro durante décadas

Durante décadas o Cine Man foi o principal espazo de lecer e de encontro do concello de Rábade e hoxe en día segue sendo un símbolo da memoria colectiva do municipio. É un dos poucos cinemas rurais galegos de posguerra que conserva gran parte da súa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

configuración orixinal, mantendo elementos característicos como o escenario e a volumetría interior da sala, algo que moitos cinemas da época perderon ao seren transformados ou demolidos.

Ademais, cómpre destacar que o edificio, adquirido polo concello para evitar a súa desaparición e convertelo nun centro que transforme a vida cultural na zona, reproduce solucións propias dos teatriños franceses e alemáns do século XX, algo bastante inusual nunha vila rural galega dos anos corenta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 100.000 € Á REDACCIÓN DUN PLAN INTEGRAL DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DAS PALLOZAS DOS ANCARES

- O Consello dálle luz verde á sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación Ser, entidade cultural e ambientalista sen ánimo de lucro
- O acordo permitirá establecer o procedemento e as técnicas construtivas para a conservación, restauración e posta en valor destes bens patrimoniais e culturais
- Estas tarefas constitúen a primeira fase dunha actuación estratéxica a medio e longo prazo, dirixida á preservación e ao mantemento no tempo destas vivendas tradicionais

O Goberno galego destinará 100.000 € para a elaboración da documentación técnica necesaria para a redacción dun plan integral de conservación e rehabilitación das pallozas dos Ancares. Así se acordou hoxe no Consello da Xunta, onde se lle deu luz verde ao acordo de colaboración coa Asociación Ser, entidade cultural e ambientalista sen ánimo de lucro, que levará a cabo estas tarefas.

Así, a través deste acordo, o departamento de Cultura da Xunta financiará a longo de dous anos —con 70.000 euros en 2026 e 30.000 euros en 2027— as actuacións que realice a Asociación Ser para establecer o procedemento e as técnicas construtivas que permitan a conservación, restauración e posta en valor destas vivendas tradicionais da zona oriental das montañas de Lugo con alto valor patrimonial e cultural.

Con este obxectivo, esta entidade tamén levará a cabo investigacións e estudos co obxectivo de garantir a protección e a salvagarda dos valores culturais e o interese etnolóxico destas construcións. Ademais, entre as accións que levará a cabo a Asociación Ser estará a procura de obtención de fondos económicos europeos para acadar o financiamento doutras intervencións de cara a desenvolver nun período a medio e longo prazo o Plan integral de conservación e rehabilitación das pallozas dos Ancares.

Como complemento destas accións e como parte dos traballos de investigación, o convenio tamén establece a realización de traballos de reparación nalgũa das pallozas, que serán seleccionadas en función do seu estado de conservación e interese.

Cómpre salientar que todas estas tarefas constitúen unha primeira fase dun plan integral, co que se prevé levar a cabo unha intervención progresiva e coordinada no tempo para conservar as pallozas dos Ancares, que se erixiron como ben patrimonial e cultural que caracteriza este territorio como un hábitat histórico, arquitectónico e etnolóxico único en Galicia e en Europa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con este obxectivo, as accións deste convenio van supor para o Goberno galego unha folla de ruta que permita incorporar unha actuación estratéxica a medio e longo prazo, de cara a desenvolver nun futuro o plan integral que abranguería unha segunda fase de reparacións do resto de pallozas e a consolidación dun plan de mantemento sostible e viable no tempo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 2,5 M€ PARA A CONSTRUCCIÓN DO FUTURO EDIFICIO MULTIFUNCIONAL DE SANXENXO QUE ALBERGARÁ O NOVO MERCADO DE ABASTOS E UNHA BIBLIOTECA

- O Consello de Goberno autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello cun investimento total de preto de 5,4 M€
- O inmovble, que se situará na rúa Madrid, incluírá tamén salas de lectura e estudo, un espazo gourmet, dependencias municipais e un aparcadoiro, o que amplía a oferta de servizos comerciais, culturais e turísticos do municipio
- A futura praza de abastos deseñarase de cara a obter o selo de Mercado Excelente, reforzando o seu papel como escaparate do mellor produto galego e como motor da economía local e do turismo
- A actuación enmárcase no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 para impulsar a Rede de mercados excelentes, coa previsión de acadar 25 mercados distinguidos antes de 2030

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Sanxenxo para a construción dun edificio multifuncional cun investimento total de preto de 5,4 M€, dos que a Xunta achegará 2,5 M€.

O obxectivo desta actuación é dotar o municipio dunha infraestrutura moderna e funcional que integrará, entre outros espazos, a nova praza de abastos, deseñada para obter o selo autonómico de Mercado Excelente e reforzar así o papel do comercio de proximidade como motor económico e social deste concello pontevedrés.

O edificio albergará tamén unha biblioteca, salas de lectura e estudo, un espazo *gourmet*, dependencias municipais e un aparcadoiro, co que se configurará como un equipamento estratéxico que permitirá mellorar a prestación de servizos públicos e dar resposta ás necesidades dunha poboación que experimenta importantes incrementos estacionais. Ao mesmo tempo, contribuirá a dinamizar a actividade comercial, cultural, gastronómica e turística de Sanxenxo e de toda a comarca do Salnés.

Detalles do convenio

A vixencia do convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2027. Así, está previsto que as obras se inicien este mes de setembro e, ao longo da seguinte anualidade, desenvolverase o resto de actuacións de fachada, saneamento, cubertas, pavimentos, divisións interiores, carpintaría, electricidade, fontanaría ou ventilación, entre outras tarefas. A previsión é que o edificio —que se situará na céntrica rúa Madrid, 45— estea rematado a finais do vindeiro ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Do total do investimento autonómico, 2,4 M€ serán achegados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para facer realidade a nova praza de abastos, mentres que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude destinará outros 100.000 euros á dotación da futura biblioteca. O Concello de Sanxenxo completará o financiamento da actuación cos preto de 2,9 M€ restantes.

Rede de mercados excelentes

A nova praza de abastos, á que se trasladará a actual coa que xa conta o concello, concíbese como un espazo moderno, accesible e adaptado ás novas tendencias de consumo, orientado á promoción do produto fresco e de proximidade e ao fortalecemento do comercio tradicional. Nun municipio cunha elevada actividade turística como Sanxenxo, este equipamento está chamado a converterse nun escaparate para os produtos galegos de calidade e nun elemento dinamizador tanto da economía local como da experiencia dos visitantes.

A actuación enmárcase na aposta recollida no vixente Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 para impulsar a Rede de mercados excelentes, integrada na actualidade por seis mercados acreditados con esta distinción de excelencia: os de Tomiño, Vilagarcía de Arousa e Ponteareas, na provincia de Pontevedra, xunto cos de Pontedeume, Carballo e Ribeira. A previsión do Goberno galego é acadar un total de 25 espazos certificados antes do ano 2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON 1 M€ O CONCELLO DE AMES PARA A CONSTRUCCIÓN DA PRAZA DE ABASTOS DE BERTAMIRÁNS E A OBTENCIÓN DO SELO DE MERCADO EXCELENTE

- O Consello de Goberno autorizou a sinatura dun convenio tripartito cun investimento total de preto de 3,3 M€, do que, ademais do apoio autonómico, o Concello de Ames aportará preto de 1,3 M€ e a Deputación da Coruña 1 M€
- O proxecto permitirá dotar o municipio de Ames dunha praza de abastos moderna, adaptada ás necesidades da contorna e que poña en valor os produtos frescos e de proximidade, consolidando a actividade comercial da vila
- Este convenio enmárcase na aposta recollida no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 para impulsar a Rede de mercados excelentes —integrada na actualidade por seis mercados— e a súa vixencia é ata o 31 de decembro de 2028
- Dentro da estratexia autonómica de dinamización das prazas de abastos, o Executivo autonómico promove outras accións como a campaña europea *Quere o teu mercado* e a iniciativa Prato de Mercado

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames para a construción do mercado municipal de Bertamirás cun investimento total de preto de 3,3 M€, dos que a Xunta alcanzará 1 M€. O obxectivo desta actuación é dotar o municipio de Ames dunha praza de abastos moderna que acade o selo Mercado Excelente, adaptada ás necesidades da contorna e que poña en valor os produtos frescos e de proximidade.

Deste xeito, búscase consolidar a actividade comercial da vila como atractivo de interese para a veciñanza e o turismo poñendo en valor o papel da praza de abastos como eixe vertebrador do comercio tradicional. Para iso, o proxecto —que se desenvolverá na avenida da Peregrina, en Bertamirás— abarcará actuacións previas, de acondicionamento do terreo, labores estruturais e de cuberta, así como instalacións de saneamento, fontanaría, electricidade e ventilación, entre outras tarefas.

Con este convenio tripartito poténsiase a colaboración institucional a prol da dinamización do comercio de proximidade e do territorio. Neste marco, a través del, ademais da parte que financiará a Xunta, o Concello de Ames destinará preto de 1,3 M€, no marco do proxecto Conecta Ames e con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e a Deputación da Coruña 1 M€.

Neste sentido, o convenio —cunha vixencia que se estenderá ata o 31 de decembro de 2028— enmárcase na aposta recollida no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 para impulsar a Rede de mercados excelentes, integrada na actualidade por seis mercados: Tomiño, Vilagarcía de Arousa, Pontedeume, Carballo, Ribeira e Pontearreas, o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

último en incorporarse tras a súa recente inauguración. A previsión da Xunta é acadar os 25 mercados distinguidos con este selo ao abeiro do plan.

Aposta pola dinamización das prazas de abastos

Dentro da estratexia autonómica de dinamización destes espazos reflectida no Plan estratéxico do comercio, o Goberno galego impulsa outras accións. Entre elas, a campaña europea *Quere o teu mercado*, que contou na pasada edición realizada o 30 de maio cunha participación de 41 mercados e 1.800 praceiras e praceiros nun total de 31 concellos. Tamén promove a iniciativa Prato de Mercado, que ten como fin potenciar os vencellos entre estes espazos e os mellores *chefs* da cociña galega, e a cal xa pasou por Santiago, A Coruña, Vigo e Lugo e tamén se presentará en Ferrol, Ourense e Pontevedra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA O PROXECTO DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL VILAS VIVAS CO SEU APOIO Á REHABILITACIÓN E POSTA EN VALOR DO CENTRO DO VIÑO DE RIBADAVIA

- O Consello aprobou a subscripción dun convenio de colaboración entre o Executivo galego e o Concello de Ribadavia para a rehabilitación da antiga sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro co fin de convertela no Centro do Viño
- Esta acción, que forma parte da iniciativa Vilas Vivas e está enmarcada no Plan estratéxico do comercio de Galicia, contará cunha achega autonómica de máis de 620.000 euros e a vixencia da colaboración é ata o 31 de decembro de 2028
- O obxectivo é crear un espazo permanente para a promoción e a difusión da cultura vitivinícola do Ribeiro favorecendo a atracción de visitantes, a promoción dos produtos agroalimentarios de calidade e a dinamización socioeconómica da contorna
- A esta actuación súmanse outras como a colaboración asinada recentemente co concello de Ribadavia e a Deputación de Ourense para a reforma e modernización da praza de abastos do municipio e a obtención do selo de Mercado Excelente

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio entre o Goberno galego e o Concello de Ribadavia para a rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño. Trátase dunha actuación incluída no proxecto piloto de dinamización comercial Vilas Vivas – enmarcado no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030– e que consistirá na rehabilitación da antiga sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro para convertela no Centro do Viño.

Para iso contará cunha achega autonómica de máis de 620.000 euros que permitirá crear un espazo permanente para a interpretación, a promoción e a difusión da cultura vitivinícola do Ribeiro. Deste xeito, favorecerase a atracción de visitantes, a realización de actividades divulgativas, a promoción dos produtos agroalimentarios de calidade diferenciada e a dinamización socioeconómica da contorna.

Neste sentido, desta colaboración, ademais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello, tamén forman parte a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria –adscritas á Consellería do Medio Rural–, e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2028.

Entre as accións que inclúe este convenio están as relacionadas coa rehabilitación arquitectónica, con tarefas de acondicionamento e preparación de superficies, carpintería interior e exterior e dotación de equipamento, así como as de dinamización e posta en valor do espazo.

Desde xeito, daráselle pulo á iniciativa Vilas Vivas, orientada á recuperación da actividade comercial da zona histórica mediante a rehabilitación de baixos en desuso. Neste contexto, este ano prevese acadar os 15 locais rehabilitados e abertos ao público

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e, recentemente, púxose en marcha o programa Domingos Vivos, con actividades culturais, gastronómicas e visitas guiadas os primeiros domingos de cada mes para dinamizar o comercio e atraer visitantes ao municipio.

Reforma e modernización da praza de abastos

A esta acción de dinamización comercial e valorización do territorio súmanse outras como a colaboración asinada recentemente co Concello de Ribadavia e a Deputación de Ourense para a reforma e modernización da praza de abastos do municipio e a obtención do selo de Mercado Excelente. Trátase dun proxecto cun investimento total de 1,6 M€, dos que a Xunta achegará máis de 1,1 M€ e que se desenvolverá entre 2026 e 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE O LABOR DOS CONSELLOS REGULADORES DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS DE CALIDADE DE GALICIA CON AXUDAS PARA OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO

- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a concesión destas achegas, dotadas con máis de 500.000 euros, para 15 entidades que xestionan indicacións xeográficas e denominacións de orixe protexidas da nosa comunidade
- Os consellos reguladores recibirán entre 46.000 e 22.500 euros cada un para cubrir todo tipo de gastos de carácter corrente vinculados coa súa actividade co obxectivo de facilitarlle o seu traballo ao longo de todo o ano
- Desde o 2009, o Goberno galego investiu máis de 9 millóns de euros a través destas subvencións para apoiar o noso sector agroalimentario de calidade pola súa importancia para a economía e prestixio de Galicia tanto dentro como fóra do territorio autonómico

A Xunta promove o labor dos consellos reguladores de produtos agroalimentarios de calidade de Galicia con axudas para os seus gastos de funcionamento, cun orzamento de máis de 500.000 euros que se distribuirán entre 15 entidades que xestionan directamente indicacións xeográficas e denominacións de orixe protexidas da nosa comunidade. O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a concesión destas subvencións por parte da Consellería do Medio Rural.

Nesta liña, tívose en conta a capacidade de autofinanciamento, o peso dos custos de persoal fronte ao total e a dispersión xeográfica das empresas inscritas, entre outros. Así, as entidades recibirán entre 46.000 e 22.500 euros cada unha para cubrir todo tipo de gastos de carácter corrente vinculados coa súa actividade co obxectivo de facilitar o seu labor ao longo de todo o ano. En concreto, son subvencionables os custos de persoal e gastos correntes realizados directamente polos consellos reguladores derivados da súa actividade, como son o alugueiro de locais, bens funxibles, electricidade, telefonía, auga, gas, envíos e mensaxaría, pólizas de seguros, gastos de desprazamento, manutención, aloxamento, entre outros.

A través destas axudas, a Xunta promove o labor e contribúe ao funcionamento destas entidades, claves no fomento e promoción da produción e control dos alimentos de calidade. Cómpre destacar a relevancia destas subvencións para os consellos reguladores cunha facturación global máis pequena, xa que son os que teñen maiores dificultades de autofinanciamento.

Máis de 9 millóns de euros nos últimos 18 anos

Desde o ano 2009, o Goberno galego leva investidos máis de 9 millóns de euros a través destas axudas para apoiar o noso sector agroalimentario de calidade pola súa importancia para a economía e prestixio de Galicia tanto dentro como fóra do territorio autonómico. Neste sentido, cómpre salientar que Galicia conta con 35 DOP e IXP do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ámbito agroalimentario, ás que se lles suman os distintivos de Agricultura Ecolóxica de Galicia, Artesanía Alimentaria.

Por outra banda, cómpre salientar que o sector agroalimentario dos produtos galegos de calidade é fundamental tanto dende o punto de vista económico como social. Por iso, a Xunta, a través desta axuda e doutras liñas de subvención, apoia e potencia estas producións polo seu papel como referentes dentro do eido agroalimentario galego e pola súa contribución á dinamización socioeconómica do medio rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA DESTINA MÁIS DE 4 M€ Á MELLORA E AMPLIACIÓN DA BASE CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DE ANTELA

- As obras, que se iniciarán este mesmo ano unha vez que remate a tempada de alto risco de lumes, consistirán na construción dunha pista, plataforma e accesos, así como no levantamento dun novo edificio que albergará os pilotos
- A previsión é que "estean rematadas a finais do ano 2027"
- Dotarase tamén a base con novas instalacións exteriores, como os depósitos de auga e para retardantes, un novo cerramento perimetral e iluminación, entre outras infraestruturas
- Con estas melloras, Rueda salienta que o aeródromo chegará a "ter capacidade para que operen ao tempo ata seis avións de loita contra incendios"

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Goberno autonómico vai destinar máis de catro millóns de euros á mellora, acondicionamento e construción de novas infraestruturas na base da Xunta de medios aéreos contra incendios de Antela, no concello ourensán de Sandiás. "As obras van comezar este mesmo ano e a previsión é que estean rematadas a finais do ano 2027", indicou.

Rueda, quen fixo fincapé en que "levamos tempo traballando non só na prevención senón tamén na dotación de máis medios de extinción", salientou que o obxectivo é modernizar unhas instalacións "que teñen 30 anos de vida" e, entre os traballos a realizar, resaltou a construción "dunha nova pista, melloras nos accesos ou construír un novo edificio" para os pilotos. Con estas actuacións, "a base terá capacidade para que operen ata seis avións de loita contra incendios, de carga en terra".

Os labores enmárcanse no proxecto Cilumes Interopera e están cofinanciados nun 75 % polo programa operativo Interreg Poctep de cooperación transfronteiriza entre España e Portugal.

No caso da nova pista de aterraxe, os traballos inclúen o acondicionamento do terreo, o movemento de terras, a creación de firmes e pavimentos e a drenaxe e sinalización.

A construción do edificio para as tripulacións suporá tamén o movemento de terras e cimentación, así como a construción da estrutura metálica, as fachadas e particións. Levaranse a cabo, así mesmo, os revestimentos, pavimentos e falsos teitos, así como a dotación das instalacións (climatización, electricidade, fontanaría etc.).

A maiores, dotarase a base con novas instalacións exteriores, coma os depósitos de auga e para retardantes, un novo cerramento perimetral, servizo de iluminación, equipos de bombeo, cuarto de mantemento, pérgola de aparcadoiro, sirena, antenas e pozo de captación que alimenta os depósitos, entre outras infraestruturas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mellora de infraestruturas contra o lume

Este proxecto en Sandiás enmárcase na planificación da Consellería do Medio Rural para mellorar as infraestruturas contra o lume, con especial atención á rede de bases de unidades operativas (BUO) e ás bases de medios aéreos.

Neste sentido, cómpre salientar o investimento de 5,61 millóns de euros no período 2025-2026 para a construción e reforma de ata cinco diferentes instalacións repartidas por toda Galicia. Así, as actuacións céntranse en Lalín, Valga, Portas e Tui, na provincia de Pontevedra, e no concello ourensán de Sandiás (co acondicionamento desta base de Antela).

Estas actuacións dan continuidade ás realizadas no 2024, entre as que destacan a execución das BUO de Muíños, Rianxo e Mondoñedo e a construción da base de medios aéreos transfronteiriza de Verín-Oímbra. Hai que mencionar, así mesmo, a construción e adecuación das instalacións da base de medios aéreos de San Xoán de Río, en Ourense.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A USC IMPULSAN UNHA INVESTIGACIÓN PARA OPTIMIZAR A PRODUCCIÓN DE SEMENTE DE AMEIXA E OSTRA EN CRIADEIROS

- O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a participación do grupo Acuibiomol no proxecto Opimetacri
- Estenderase ata o ano 2029 e busca validar o uso de indutores específicos para mellorar a taxa de supervivencia na fase crítica de metamorfose en especies de alto valor como a ameixa fina, a babosa, a xaponesa, a rubia e a ostra plana

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para impulsar o proxecto de investigación Optimización da indución da metamorfose en ameixas e ostras de interese marisqueiro (Opimetacri), desenvolvido conxuntamente polo Centro de Investigacións Mariñas de Galicia (CIMA) e o grupo universitario Acuibiomol. A actuación contará cun investimento total de 59.443 euros achegados pola Administración autonómica e desenvolverase ao longo do período 2026-2029.

Esta liña de traballo ten como principal obxectivo solucionar unha das fases máis sensibles da produción de semente de bivalvos en criadeiro, que é un dos grandes desafíos que afronta o sector marisqueiro galego para acadar unha subministración suficiente e sostible. A investigación centrarase na fase de metamorfose —o paso de larva planctónica a xuvenil bentónico—, un dos momentos máis delicados do proceso produtivo no que se rexistran taxas de mortalidade que frecuentemente superan o 90 %.

A través desta colaboración, os investigadores validarán en condicións reais de criadeiro os indutores químicos e os criterios de competencia larvaria previamente identificados no laboratorio para a ameixa fina, a babosa e a xaponesa. Así mesmo, o proxecto estenderá estas análises a dúas especies nativas de elevado valor comercial e ecolóxico, como son a ameixa rubia e a ostra plana, cuxo cultivo en criadeiro se atopa menos desenvolvido.

Grazas á aplicación de técnicas avanzadas de bioloxía molecular, transcriptómica e ensaios de validación en tanques de cultivo no CIMA, o equipo investigador identificará os receptores involucrados nos mecanismos de metamorfose e os compostos neuroactivos máis eficaces para promover a fixación das larvas. O resultado final traducirase na elaboración de guías e protocolos de traballo prácticos e aplicables ao sector que lles permitan aos criadeiros optimizar os seus rendementos e reforzar a resiliencia do marisqueo en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Grupo Acuibiomol

O grupo Acuibiomol da USC conta con máis de 30 anos de experiencia en transcriptómica, xenómica funcional e bioloxía molecular aplicadas á acuicultura. A súa traxectoria permitiu avanzar no estudo dos mecanismos moleculares en moluscos bivalvos e na mellora da súa produtividade en distintas fases do cultivo. Ademais, leva anos colaborando co persoal do CIMA na optimización da indución da metamorfose mediante indutores químicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SOLICITA A CONVOCATORIA DA COMISIÓN BILATERAL CO ESTADO PARA GARANTIR UNHA TRANSFERENCIA DA AP-9 CON PLENA SEGURIDADE XURÍDICA E FINANCEIRA

- Rueda alerta de que a lei para o traspaso aprobada no Congreso incorpora “modificacións substanciais” respecto a acordada por unanimidade no Parlamento
- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe un informe xurídico que conclúe que a redacción final da Lei Orgánica presenta dúbidas de constitucionalidade
- Advirte que a nova redacción da norma introduce incerteza financeira e elimina a garantía expresa pola que o Estado asumía integramente as consecuencias económicas derivadas dunha eventual nulidade das prórrogas da concesión

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello acordou solicitar a convocatoria da Comisión Bilateral de Cooperación entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para abrir unha negociación sobre a Lei Orgánica 3/2026, de transferencia da titularidade e competencias da AP-9. “Para clarificar e resolver as diferentes que existen entre Galicia e o Estado sobre esta lei”, indicou.

A decisión fundaméntase no informe xurídico avaliado hoxe no encontro, que conclúe que a redacción finalmente aprobada da norma incorpora “modificacións substanciais respecto da proposición de lei aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galicia” e que presenta dúbidas de constitucionalidade, xa que non transfire por si mesma as competencias, senón que deixa a súa atribución efectiva a un posterior acordo da Comisión Mixta.

A Xunta considera que, aínda que a lei mantén formalmente a transferencia da autoestrada, traslada a unha futura Comisión Mixta de Transferencias a definición de cuestións esenciais, especialmente as relativas ao alcance das competencias e as obrigas económicas que deberá asumir o Estado.

Segundo recolle o informe, unha lei orgánica de transferencia debe determinar directamente o contido esencial do traspaso, mentres que a Comisión Mixta debe limitarse a executar ese mandato legal mediante o traspaso de medios persoais, materiais e orzamentarios e a fixación da data de efectividade.

“A Comisión Bilateral ten que ser anterior a calquera outro paso, incluíndo a Comisión Mixta de Transferencias”, indicou o presidente.

Así mesmo, explicou que o Goberno galego advirte de que a nova redacción introduce incerteza financeira ao supeditar determinadas obrigas económicas do Estado aos límites económicos existentes no momento en que se alcance o acordo da Comisión Mixta, unha expresión que non figuraba no texto aprobado polo Parlamento de Galicia.

O informe tamén destaca que desaparece a garantía expresa pola que o Estado asumía integramente as consecuencias económicas derivadas dunha eventual nulidade das prórrogas da concesión, previsión que si recollía a iniciativa impulsada desde Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por todo isto, a Xunta solicita a apertura dunha negociación no seo da Comisión Bilateral co obxectivo de alcanzar unha transferencia completa, xuridicamente segura e financeiramente suficiente.

Cómpre lembrar que Galicia sempre defendeu que a AP-9 debe transferirse libre de cargas, asumindo o Estado os custes derivados de decisións adoptadas durante o período en que exerceu a titularidade e garantindo os recursos necesarios para a xestión futura. "O traspaso non pode ser a calquera prezo, ten que ser en condicións xustas. Os contribuíntes galegos non teñen que pagar por decisións que non se adoptaron aquí", indicou.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA UNHA GUÍA PRÁCTICA PARA AXILIZAR OS TRÁMITES DE AVALIACIÓN AMBIENTAL E DAR SEGURIDADE XURÍDICA AOS PROXECTOS QUE SE INSTALEN EN GALICIA

- Salienta que se trata dun manual “pioneiro en España”, ao abeiro da Lei de recursos naturais, e que busca establecer un marco metodolóxico común na valoración dos impactos sociais, económicos e ambientais de calquera proxecto
- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio climático resalta que as avaliacións ambientais deben estudar non só as afeccións directas sobre o medio ambiente, senón tamén as consecuencias que poden ter “sobre o benestar humano, a saúde ou a calidade de vida da cidadanía”
- O manual está concibido como unha ferramenta práctica para facilitarlle tanto aos promotores como á Administración a identificación das presións que cada proxecto pode exercer sobre o medio e a adopción de medidas para mitigalas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu luz verde á unha guía práctica para “axilizar a avaliación ambiental sen perder seguridade xurídica dos proxectos que se instalen en Galicia”. Estará á disposición de promotores e órganos de avaliación ambiental e, tal e como dixo, “será pioneira en toda España”.

O Consello tomou razón da próxima publicación deste manual que se enmarca na aplicación da Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, que establece a necesidade de integrar unha valoración dos impactos sociais, económicos e ambientais nos procedementos de avaliación dos proxectos incluídos no ámbito de aplicación da norma.

Tal e como explicou o presidente, esta valoración debe prestar especial atención aos servizos ecosistémicos, entre os que se inclúen “a provisión de auga e alimentos, a regulación do clima, a fertilidade do solo” ou a protección fronte a riscos naturais. Trátase de elementos “que nos rodean e que nos dá a propia natureza”, engadiu a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, quen lembrou que cómpre estudar non só as afeccións directas dun proxecto sobre os elementos ambientais, senón tamén “as consecuencias que poden ter sobre o benestar humano, a saúde, a calidade de vida” ou a resiliencia dos territorios.

Así, de acordo coa normativa, tanto o promotor como os órganos de avaliación ambiental deben identificar os servizos ecosistémicos presentes na contorna na que se pretende instalar cada proxecto, describir o seu estado, avaliar os posibles efectos da actuación sobre eles e definir as medidas necesarias para previr, reducir, corrixir ou, de ser o caso, compensar os impactos adversos. Ademais, deben identificarse as accións concretas, directas ou indirectas, destinadas á conservación, recuperación e uso sostible destes servizos que se vexan afectados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, para reducir consultas e evitar requirimentos de emenda que poidan xerar inseguridade xurídica nos promotores, a Xunta porá á súa disposición –a través da páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático– unha guía que establece un marco metodolóxico común, criterios técnicos compartidos e unhas pautas mínimas de contido que permitirán mellorar a calidade da documentación presentada.

Esta guía, concibida como unha ferramenta práctica, facilitará a identificación das presións que cada proxecto pode exercer sobre o medio e a adopción de medidas para mitigalas. Para iso, inclúe unhas fichas específicas e adaptadas ás distintas tipoloxías de proxectos nas que se recollen as principais presións que poden estar asociadas a cada actividade, os servizos que poderían verse afectados e os criterios que deben considerarse para avaliar os impactos coa finalidade de deseñar as medidas ambientais correspondentes.

A inclusión destes aspectos nas avaliacións ambientais é obrigatoria para os proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables, como parques eólicos, instalacións solares fotovoltaicas ou aproveitamentos hidroeléctricos, entre outros. Tamén para aquelas iniciativas que requiran unha concesión de auga ou que estean relacionadas con dereitos e concesións mineiras, así como as instalacións de almacenamento de enerxía eléctrica ou térmica.

Ante a ausencia dun marco metodolóxico común e suficientemente detallado, a Xunta de Galicia convértese así nunha administración pioneira no ámbito estatal ao elaborar unha guía que permite dispoñer desde o principio de criterios claros e dunha metodoloxía compartida. Isto reducirá a necesidade de formular consultas, de requirir información adicional ou de solicitar a emenda da documentación presentada. En consecuencia, axilizará en conxunto a tramitación dos expedientes.

Esta guía facilitará tamén o traballo dos órganos sectoriais encargados de emitir os informes preceptivos, porque contarán con documentación estruturada, homoxénea e tecnicamente suficiente para valorar de xeito adecuado os efectos dos proxectos sobre o capital natural e os servizos que prestan os ecosistemas.

No seu conxunto, o manual permitirá mellorar a calidade das avaliacións, reforzar a motivación das decisións administrativas, garantir que os posibles impactos sobre os ecosistemas e os beneficios que lle prestan á sociedade sexan correctamente identificados e considerados e, en definitiva, avanzar cara a un modelo de desenvolvemento máis responsable, transparente e compatible coa protección do medio ambiente. “Galicia realiza 175 avaliacións ambientais ao ano, unha cada dous días. Queremos que sexan máis áxiles, transparentes e homoxéneas”, indicou a conselleira.

Unha medida coa que Galicia “busca seguir sendo extremadamente garantista cos proxectos que buscan instalarse na comunidade”, indicou o presidente, quen lembrou que esta guía vai permitir “facilitar as tramitacións e reducir, entre outras cuestións, a petición de documentación complementaria”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZOU A TOTALIDADE DOS RECURSOS DISPONÍBLES DOS FONDOS MRR MEDIANTE LICITACIÓNS E SUBVENCÍONS

- A execución financeira destes recursos, unha vez acreditado o cumprimento dos fitos e obxectivos establecidos, pode prolongarse máis aló do segundo trimestre de 2026, en ámbitos concretos como, por exemplo, vivenda, infraestruturas sociais ou axudas a renovables ou mobilidade
- A execución dos fondos MRR crece un 15 % no segundo trimestre do ano, ata acadar os 1.400 M€
- O conselleiro de Facenda e Administración Pública presentou ao Consello do Goberno galego o informe de execución do MRR

A Xunta de Galicia mobilizou a totalidade dos recursos dispoñibles dos fondos MRR mediante licitacións e subvencións. Así se reflicte no informe que o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, presentou ao Consello do Goberno galego referido á execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

O documento precisa que a execución financeira destes recursos, unha vez acreditado o cumprimento dos fitos e obxectivos establecidos, pode prolongarse máis aló do segundo trimestre de 2026, en ámbitos concretos como, por exemplo, vivenda, infraestruturas sociais ou axudas a renovables ou mobilidade. E subliña que a execución dos fondos MRR crece un 15 % no segundo trimestre do ano, ata acadar os 1.400 M€, que xa foron pagados ás empresas, persoas físicas, autónomos e outras entidades e sociedades.

Miguel Corgos recordou que as directrices de peche do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia emitidas pola Comisión en abril de 2026 establecen que todos os fitos e obxectivos do plan deben estar completados a 31 de agosto de 2026 e os Estados Membros dispoñen de prazo ata o 30 de setembro de 2026 para presentar a última solicitude de pagamento coa súa correspondente documentación xustificativa. Porén, a execución financeira de recursos procedentes do MRR transferidos ás comunidades autónomas poderá prolongarse máis aló do segundo trimestre de 2026 en ámbitos como a vivenda ou infraestruturas sociais.

Ademais, o conselleiro de Facenda e Administración Pública expuxo que a Disposición Adicional 3ª do recente RDL 18/2026 aprobado o pasado 29 de xuño, abre a posibilidade de que os remanentes das convocatorias de subvencións asociadas a fitos e obxectivos da última solicitude de pagamento á Comisión Europea poidan ser destinados á execución de actuacións dentro das mesmas políticas de gasto, sempre que os Ministerios dean a súa autorización.

Os MRR presentan unha elevada diversidade de destinatarios. Así, os recursos xestionados pola Xunta beneficiaron ou están a beneficiar a cidadanía e fogares, persoas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

en situación de dependencia, alumnado e profesorado, persoas desempregadas, mulleres do medio rural, colectivos vulnerables, empresas e persoas autónomas, entidades locais, universidades, centros de investigación, entidades sociais, centros sanitarios, profesionais, pacientes, usuarios do transporte público e promotores de vivenda social, entre outros.

Ata o 30 de xuño de 2026 víronse beneficiados directamente dos recursos do MRR xestionados pola Administración galega preto de 48.000 persoas físicas, 8.250 autónomos e case 7.500 entidades e sociedades. E, entre os principais proxectos destacan: o reforzo do turismo sostible; axudas para a transformación de flotas de transporte por estrada; actuacións de renovación ou construción de centros residenciais, non residenciais e de día; axudas para a rehabilitación de edificios; investimento en equipos de alta tecnoloxía no eido sanitario; axudas para a agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0; ou o fomento da economía circular.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA A INFORMACIÓN PÚBLICA DA NOVA VÍA DE ACCESO AO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE DESDE A ESTRADA N-525

- A actuación suporá un investimento que roldará os 4,4 M€ e mellorará a conectividade do CHUO mediante un novo acceso de 640 metros desde a N-525, facilitando a comunicación co hospital para a poboación da área sanitaria de Ourense
- Trátase de executar unha nova vía transversal (dirección oeste-leste) con características urbanas, que conecte a N-525 coa avenida do Regato, dentro xa da zona urbana de Ourense
- As conexións da vía proxectada xa se atopan executadas e en servizo
- O proxecto someterase a información pública este mesmo mes, co obxectivo de proceder á aprobación definitiva do proxecto de trazado e á redacción do proxecto construtivo para a súa posterior licitación no primeiro trimestre do 2027

O Consello da Xunta acordou hoxe darlle luz verde á aprobación provisional, para a súa información pública, do proxecto para a execución da nova vía de acceso ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) desde a N-525.

Esta nova intervención, que suporá un investimento que roldará os 4,4 M€, ten como principal obxectivo a mellora da conectividade do CHUO, mediante a execución dunha nova vía de características urbanas, de 640 metros de lonxitude, e cunha marcada funcionalidade supramunicipal, xa que constituirá un novo acceso ao complexo hospitalario para a poboación dos concellos do distrito sanitario de Ourense, desde a N-525 á avenida do Regato.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá este proxecto a información pública este mesmo mes de agosto, para os efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e para os efectos expropiatorios, por un prazo dun mes. Nesta intervención é necesario a expropiación dun total de 26 predios no municipio, dos que dous son públicos de titularidade do Concello de Ourense.

Unha vez que se resolva esta, aprobarase definitivamente o proxecto de trazado e a redactarase o proxecto construtivo para a súa posterior licitación no primeiro trimestre do 2027. O prazo de execución das obras é de 24 meses.

O proxecto

En concreto, a actuación consiste na execución dunha nova vía transversal (dirección oeste-leste) con características urbanas, que conecte a estrada N-525 coa avenida do Regato, dentro xa da zona urbana de Ourense, e evite así un importante rodeo para acceder ao centro hospitalario.

Para acometer esta nova actuación, cómpre destacar que as conexións da vía proxectada xa se atopan executadas e en servizo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, para a conexión coa N-525 utilizarase o enlace existente a distinto nivel con glorieta situado no punto quilométrico 235,5. A conexión da nova vía substitúe e repón o actual entroncamento do camiño do Dentrágón nesta glorieta.




Estrada N-525. Enlace a distinto nivel - Zona de conexión da vía proxectada

No outro extremo, a vía proxectada conectará coa avenida do Regato e dálle continuidade á sección actualmente existente.

Ademais destes dous puntos que definen os límites do trazado, a vía proxectada dará conexión a diversas rúas e camiños presentes ao longo deste, e para iso proxectaranse dúas novas glorietas e diversas interseccións con vías municipais, como, por exemplo, co camiño Romano, o camiño das Laxas ou a rúa Ramón Abelas.

As citadas dúas novas glorietas, de 35 metros de diámetro exterior, situaranse aproximadamente unha no punto medio do trazado e outra na súa parte final. Isto permitirá ordenar todos os movementos viarios da zona e, en particular, coa rúa das Laxas e a rúa Xoán Manuel Pintos, de conexión coa rúa Ermida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS




Zona urbana. Avenida do Regato - Zona de conexión da vía proxectada

A nova vía proxectada consta de dúas calzadas separadas por unha mediana de 2 metros, e dispón de dous carrís de subida (cara á N-525) e dun de baixada, en todos os casos de 3,25 metros de anchura. No proxecto incluíronse, ademais, beirarrúas de máis de 2 metros de anchura a ambos os dous lados e zonas de aparcadoiro distribuídas ao longo do trazado.

Na proposta que se someterá agora á información pública, no treito final de conexión coa avenida do Regato mantívose a mesma sección existente de dous carrís de 3,25 metros por calzada e mediana de 2,70 metros, alén de zonas de aparcadoiro e beirarrúas, que lle dan continuidade á actual sección da citada avenida.


INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Solución adoptada para a vía proxectada


INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Localización da actuación



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Planta da actuación.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ABRE A SOLICITUDE DE NOVOS GRAOS DE CARREIRA PROFESIONAL NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, DO QUE SE PODEN BENEFICIAR MÁIS DE 8.000 TRABALLADORES

- O Executivo galego destinará 14,1 millóns de euros ao recoñecemento do labor e da experiencia do persoal do sistema sanitario público galego
- No caso do persoal sanitario licenciado, o acceso á carreira suporá unha suba de 300,19 euros ao mes, mentres que para os diplomados o incremento será de 187,62 euros
- O prazo para presentar as solicitudes abrirase a principios de agosto e pecharase a finais de setembro
- Os profesionais verán reflectido este aumento retributivo a partir de xaneiro de 2027
- O sistema de carreira profesional ten por obxectivo incrementar a cualificación e as competencias dos profesionais do sistema sanitario, o que redonda na mellora da calidade asistencial

O Consello de Xunta autorizou esta mañá a apertura do procedemento ordinario de acceso aos graos I a IV da carreira profesional correspondente ao ano 2026 para os traballadores do Servizo Galego de Saúde, da que se prevé que se beneficien máis de 8.000 profesionais da sanidade pública galega.

A carreira profesional é un sistema que ten por obxectivo motivar e incrementar a cualificación e as competencias dos profesionais do sistema sanitario público galego, o que redonda nunha mellora da calidade dos servizos asistenciais.

Así, e segundo a información dispoñible nos expedientes dixitais do departamento sanitario da Xunta, poderán acceder a un novo grao 715 sanitarios do grupo A1; 2.864 do grupo A2; 2.012 de formación profesional; e 2.496 profesionais do grupo de persoal de xestión e servizos.

Para recoñecer o labor e a experiencia do persoal do Servizo Galego de Saúde, o Executivo galego destinará 14.168.637 de euros, supoñendo unha mellora das condicións retributivas a partir de xaneiro de 2027.

No caso do persoal licenciado sanitario do grupo A1, o recoñecemento da carreira profesional suporá un incremento de 300,19 euros ao mes; para o persoal sanitario do grupo A2 será de 187,62 euros; e no caso do grupo C2 de 92,57 euros.

O prazo para presentar as solicitudes abrirase a comezos do mes de agosto e pechará a finais do mes de setembro.

Compromiso co desenvolvemento e consolidación da carreira profesional

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Avanzar na carreira profesional é un dereito dos profesionais como recoñecemento ao seu desenvolvemento en canto a coñecementos, formación, experiencia, investigación, docencia e outros aspectos relevantes, segundo o caso, para a correspondente profesión, grupo ou categoría profesional, así como á súa participación nos obxectivos da organización.

O Servizo Galego de Saúde mantén un firme compromiso co desenvolvemento e consolidación da carreira profesional como un instrumento de recoñecemento ao compromiso e competencia individual.

Desde a activación da carreira profesional, recoñecéronse 60.414 novos graos de carreira profesional nas convocatorias realizadas entre 2018 e 2025, dos cales 13.846 corresponden a licenciados sanitarios.

Máis concretamente, en 2018 resolveuse a primeira convocatoria extraordinaria, na que se recoñeceron 20.499 novos graos (4.745 correspondentes a licenciados sanitarios).

En 2020, tivo lugar unha nova convocatoria extraordinaria, que supuxo o recoñecemento de 14.011 novos graos (3.412 licenciados sanitarios).

En 2021, realizouse a primeira convocatoria ordinaria, na que se recoñeceron 50 novos graos (7 licenciados sanitarios).

En 2022, resolveuse unha convocatoria ordinaria na que se acadaron 49 novos graos (26 correspondentes a licenciados sanitarios) e, posteriormente, a extraordinaria, con 7.731 novos graos recoñecidos (1.285 licenciados sanitarios).

Na convocatoria ordinaria de 2023, recoñecéronse 2.523 novos graos na convocatoria ordinaria (1.072 licenciados sanitarios) e 7.147 na extraordinaria (1.104 licenciados sanitarios).

En 2024, realizouse a convocatoria ordinaria, na que se recoñeceron 3.739 novos graos (536 licenciados sanitarios).

Finalmente, en 2025, a convocatoria ordinaria saldouse co recoñecemento de 4.665 novos graos (1.659 licenciados sanitarios).

Por categorías profesionais, recoñecéronse un total de 13.846 novos graos entre o persoal de licenciados sanitarios, grupo no que se inclúen médicos e outras profesións sanitarias con titulación de licenciatura ou grao equivalente; 17.847 entre o persoal de diplomados sanitarios; 13.450 entre o persoal sanitario de formación profesional; e 15.271 entre o persoal de xestión e servizos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA O APOIO DE 2,5 M€ DA XUNTA Á COMUNIDADE GALEGA EN VENEZUELA, CON PARTIDAS ESPECÍFICAS PARA ÁS PERSOAS AFECTADAS POLO TERREMOTO DE XUÑO

- O Consello analizou hoxe un informe sobre esta liña de achegas extraordinaria, que publicará este mércores o DOG, e sobre outros apoios da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración aos que teñen acceso as persoas galegas no país caribeño
- “Mantivemos dende o primeiro momento un contacto moi intenso cos galegos en Venezuela a través das irmandades e das entidades da e, froito desas conversas, lanzamos esa liña extraordinaria de axudas para colaborar cos galegos que viron afectada a súa vivenda”, indicou
- A Xunta tamén axilizou os trámites para o pago das achegas económicas individuais de carácter social, das que este ano se benefician no país venezolano máis de 1.200 persoas galegas e reforzou o apoio ás entidades galegas no país ata case 580.000 €
- Outras axudas autonómicas ás que pode acceder a comunidade galega en Venezuela son as de emerxencia social, con prazo de solicitudes aberto ata o 5 de outubro
- Esta batería de medidas enmárcase no compromiso autonómico coa comunidade galega no exterior, neste caso coa de Venezuela, coa que mantén activados todos os mecanismos ao seu dispor para atender as súas necesidades tras os terremotos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe o reforzo dos apoios do Goberno galego á comunidade galega residente en Venezuela, a través de varias medidas de apoio que suman un total de 2,5 M€. Así, o Consello analizou esta mañá un informe sobre estas axudas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que outorga a través de diferentes programas que se reforzarán esta semana cunha convocatoria de axudas específica para as afectadas polos terremotos do 24 de xuño. Esta nova liña publicarase este mércores no *Diario Oficial de Galicia*.

En concreto, estas achegas extraordinarias destinaranse a axudar a sufragar gastos para paliar a situación de necesidade derivada da perda temporal ou definitiva das condicións de habitabilidade da residencia habitual das persoas galegas residentes en Venezuela afectadas polos terremotos. “Mantivemos dende o primeiro momento un contacto moi intenso cos galegos en Venezuela a través das irmandades e das entidades da colectividade nese país que teñen moita actividade e, froito desas conversas, hoxe lanzamos unha liña extraordinaria de axudas para colaborar cos galegos que viron afectada a súa vivenda”, indicou.

Neste sentido, a concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrência non competitiva debido ao interese público, social e humanitario derivado das excepciónais circunstancias que concorren neste caso. Tal e como apuntou Rueda, o crédito inicial

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

destinado a esta liña é de 500.000 euros “e poderá ser ampliable en función das necesidades que se vaian plantexando e do que nos vaian indicando as entidades”.

As solicitudes poderán presentarse desde o 6 de agosto ata o 1 de decembro de 2026, preferiblemente a través da sede electrónica da Xunta. Ademais, para facilitar a presentación, as persoas interesadas poderán dirixirse ás entidades colaboradoras de Venezuela —Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas, Hermandad Gallega de Valencia, Centro Gallego de Maracaibo, Centro Gallego de Puerto la Cruz e Asociación Fillos de Galicia dos Estados de Aragua e Lara, en Maracay—.

Outros reforzos

Tamén no marco deste reforzo, Alfonso Rueda explicou que a Xunta axilizou os trámites para o pagamento das achegas económicas individuais de carácter social das que este ano se benefician en Venezuela “máis de 1.200 persoas galegas por un importe de axuda total de máis de 1,3 M€”. Estas achegas buscan garantir a cobertura das necesidades básicas de subsistencia e a atención sociosanitaria das persoas galegas emigrantes e dos seus fillos residentes no exterior e que se atopen en situación de precariedade económica.

A isto engádese o reforzo dos acordos de colaboración de carácter social coas entidades galegas en Venezuela e as axudas á súa actividade e funcionamento ata os preto de 580.000 euros en total. Con eles, o Executivo galego apoia o labor esencial destas entidades na atención e asistencia social ás persoas e familias que máis o precisan.

Máis liñas de axuda

Dentro da batería de axudas da Secretaría Xeral da Emigración para as persoas galegas do exterior, as residentes en Venezuela tamén poden acceder ás de emerxencia social, que teñen prazo de solicitudes aberto ata o 5 de outubro de 2026. Con elas outórgase unha prestación económica única a persoas emigrantes de nacionalidade española e orixe galega residentes en América con escasos recursos e aos seus descendentes, para atender situacións de necesidade derivadas de circunstancias extraordinarias sobrevidas nos últimos 12 meses.

Contacto permanente

Esta batería de medidas enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia coa comunidade galega no exterior, neste caso coa de Venezuela con motivo dos terremotos rexistrados en xuño. Neste contexto, o Goberno galego mantén contacto permanente con ela, segue con atención a súa situación e ten activados todos os mecanismos ao seu dispor para atender as súas necesidades. De feito, en colaboración coas entidades galegas en Venezuela, mantén unha rede de oficinas de atención social, que permite atender e canalizar todos os mecanismos de apoio que pon á disposición a Comunidade Autónoma e informar a todas as persoas en situación de necesidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

135 PROXECTOS DE BUQUES DE PESCA BENEFÍCIANSE DE MÁIS DE 3 M€ PARA INVESTIMENTOS DE MELLORA DAS CONDICIÓNS DOS BUQUES E EFICIENCIA ENERXÉTICA

- As actuacións subvencionadas tamén permiten reducir as emisións de CO₂ e mellorar aspectos como a economía circular e a seguridade alimentaria
- Con estes apoios, cofinanciados polo Fempa, a Xunta tamén contribúe a fomentar a remuda xeracional no sector

O Consello da Xunta deulle o visto e praxe ao informe no que se dá conta da relación de proxectos de propietarios de buques pesqueiros, destinados ao fomento da pesca sostible, e que son subvencionados pola Consellería do Mar, a través do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (Fempa) para o ano 2026.

Segundo se explica no documento, un total de 135 actuacións beneficianse destas axudas coas que o Goberno galego contribúe tamén a fomentar a remuda xeracional. Así, as accións subvencionables están relacionadas coa diminución do efecto da acción da pesca nos ecosistemas mariños, coa mellora das condicións laborais e de seguridade a bordo, buscando, en paralelo, o aumento da eficacia enerxética, a redución de emisións de CO₂, e promovendo a economía circular e a seguridade alimentaria.

Todas as propostas de proxecto presentadas á convocatoria recibirán axudas, cun importe total concedido de máis de 3 millóns de euros. Este tipo de apoios son unha mostra máis do interese de Galicia co coidado medioambiental do mar e dos profesionais que dependen del e, polo tanto, do equilibrio entre os criterios ambientais e socioeconómicos para promover a competitividade da actividade marítimo-pesqueira.

O actual Fempa conta con dúas novas liñas de axudas para os proxectos indicados, que contribúen ao aumento da capacidade e mellora da habitabilidade a bordo dos buques, promovendo unhas condicións para o sector da pesca, a acuicultura e a transformación economicamente viables, competitivas e atractivas, ademais da neutralidade climática. Por iso, a frota pesqueira artesanal é un dos principais beneficiarios destas novas liñas de axudas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA UNHA LIÑA DE AXUDAS DE 800.000 € PARA ADQUIRIR SEMENTE E REPOBOAR OS BANCOS MARISQUEIROS DANADOS POLAS CHOIVAS DE COMEZOS DE ANO

- O Consello da Xunta analizou o informe da nova orde pola que se convocan estas subvencións para paliar a mortalidade de moluscos tras a caída de salinidade
- Poderán beneficiarse confrarías de pescadores, cooperativas, organizacións de produtores e entidades asociativas titulares de plans de xestión
- A tramitación realizarase polo procedemento de concorrencia non competitiva por orde de entrada para axilizar a chegada dos recursos ao sector, que poderá solicitar ademais un pagamento anticipado do 50 %

O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe sobre o proxecto da orde pola que a Consellería do Mar establece as bases e a convocatoria para o ano 2026 das axudas destinadas á adquisición de semente para a repoboación, recuperación e reparación dos bancos marisqueiros galegos danados polos intensos episodios de choiva rexistrados a comezos deste ano. Esta liña de subvencións conta cun orzamento global de 800.000 euros financiados integramente con fondos propios autonómicos.

A medida ten como finalidade axudar a recuperar o potencial produtivo e paliar as perdas sufridas no sector marisqueiro despois de que os temporais provocasen un drástico descenso da salinidade nas augas das rías. Esta situación causou mortalidades de moluscos bivalvos que nalgúns bancos acadaron o 100 %.

Poderán optar a estes apoios as confrarías de pescadores, organizacións de produtores, cooperativas do mar, asociacións profesionais e demais entidades asociativas titulares de plans de xestión marisqueira en réxime de coxestión que teñan a súa sede social en Galicia. As entidades poderán concorrer de xeito individual ou agrupadas.

A intensidade da subvención poderá acadar ata o 100 % dos gastos subvencionables, cun límite máximo de 20.000 euros por proxecto e un prezo máximo de 0,025 euros (sen IVE) por cada unidade de semente adquirida. A semente deberá proceder exclusivamente de criadeiro, contar co correspondente permiso de inmersión e corresponder a especies autorizadas comercialmente.

Xestión áxil por orde de entrada

Como principal novidade para acelerar a rexeneración dos bancos, as axudas concederanse polo réxime de concorrencia non competitiva, e xestionaranse e resolveranse por estrita orde de entrada das solicitudes completas na sede electrónica da Xunta ata esgotar o crédito dispoñible.

O prazo para presentar as solicitudes será dun mes a partir do quinto día hábil seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*. Así mesmo, as entidades

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

beneficiarias poderán solicitar un pagamento anticipado de ata o 50 % da subvención concedida para facilitar a execución dos traballos de repoboación, que deberán xustificarse antes do 30 de novembro de 2026.